

# “Hai demasiados galardóns na literatura galega?”

O Encontro de Escritores Novos tratou, entre outros asuntos, a relevancia dos premios

## CRÓNICA

ALBERTO RAMOS  
GALICIA

cultura@xornaldegalicia.com



Teñen os premios literarios unha importancia obxectiva? Teñen que ver coa calidade dun autor ou coa súa vaidade? Xeran unha masa de lectores? Son imprescindibles? Esas foron algunas das preguntas que se formularon os participantes do V Encontro de Escritores Novos organizado onte na Coruña pola Asociación de Escritores en Lingua Galega (AELG). Nunha das mesas redondas previstas, a situación dos galardóns foi analizada por autoras como Olalla Cociña, Lucía Novas ou Leticia Costas. A súa conclusión foi –ao mesmo tempo–, clara e contraditoria: os galardóns non son importantes, pero si imprescindibles.

“Os certames non teñen nin a máis mínima importancia. É imposible crear un podio de obras literarias, todos os xurados son subxectivos”. Así comezou a súa intervención Lucía Novas (Bueu, 1979) ante os mozos e mozas que encheron o Kiosco Alfonso da Coruña para participar no Encontro de Escritores Novos. Non obstante, Lucía Novas –gañadora de galardóns como o do Concello de Carral ou os Minerva– reconeceu a súa necesidade. “Non son importantes, pero teñen relevancia porque permiten publicar. Outorganche visibilidade”, explicou na súa intervención Lucía Novas.

Leticia Costas (Vigo, 1979) amosou unha actitude crítica cara ás editoriais. “Non publican obras que non fosen premiadas, sobre todo no caso


da poesía. As editoriais grandes non prestan atención á poesía. Xerais publica moi pouco, Galaxia publicou catro ou cinco o ano pasado e Espiral Maior, que supostamente é a editorial da poesía, só editou obras que foran premiadas”, sentenciou a escritora que, pese a dar relevancia os premios, asegura que non valen de moito. “Eu son especialista en ser finalista, pero de pouco me serviu. Teño varias obras finalistas gardadas nos caixóns”, lamentou a moza escritora.

## A EXPERIENCIA COMO XURADO

Olalla Cociña (Viveiro, 1979) achegou as súas vivencias dende un dobre punto de vista: como autora premiada (premio o Facho de Poesía ou Fiz Vergara) e como membro de xurados literarios. “Un non se pode obsesionar cos galardóns. Debe importar escribir, non gañar premios”, explicou antes de recoñecer que a ela os premios lle chegaron “nun momento persoal oportuno”.

Despois de falar sobre a súa experiencia como premiada, abordou con actitude crítica o número de galardóns. “Hai demasiados premios na literatura galega? Concellos, asociacións, bancos, colectivos.. Todos teñen premios e iso quizais os desvirtúa”, explicou a escritora.

Como membro de xurados, Cociña ofreceu posibilidades para mellorar o seu funcionamento. “Os xurados non poden ser de tres persoas, ten que haber bos lectores e non necesariamente tantos escritores e, dende logo, os editores hai que afastalos dun xurado”, sentenciou Olalla Cociña.



Un recital foi o broche do Encontro de Escritores Novos

CASTELEIRO

A poesía e a situación do idioma foron outros dos temas tratados durante o Encontro

Os outros temas que se trataron na xornada foi a importancia da poesía –nunha mesa redonda na que participaron Oliver Laxe, Celso Fernández e Álvaro Negro– ou a literatura galega ante a situación idiomática, nunha xuntanza na que falaron os escritores Olalla Tuñas, Xosé Daniel Costas e María Lado.

O encontro da AELG rematou no Palexo cun recital que contou coas voces de Arsenio Iglesias Pazos, Dóres Tembrás, Gonzalo Hermo, Susana Sánchez e David Rodríguez e ao que asistiu un numeroso público. ■